

11. RESOLUCIÓN PATRIMONIO CULTURAL SOBRE PROPUESTA DE LOCALIZACIÓN DE LAS PILAS 14 Y 15

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano - Bloque 3 - 2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

 XACOBEO 2010
Galicia

DG/OT.

Andrés Muntaner Pedrosa
Audasa
R/ Alfredo Vicenti, 15
15004, A Coruña

REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P1
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

05 OUT. 2010
NUMERO 2990 SAIDA

197796 08.OCT.2010

ENTRADA

Documento: Proposta de localización das pilas 14 e 15 no entorno do Castelo de Rande (GA36045067) (Redondela, Pontevedra)
Proxecto: Proxecto de Trazado. Ampliación de capacidade da AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis
Promotor: Ministerio de Fomento/Audasa
Remitente: Audasa
Expediente: 03.A.006.09.001


ANTECEDENTES

- Baixo a dirección da arqueóloga M^a. Elena Mosquera Souto levouse a cabo unha prospección arqueolóxica do ámbito do proxecto de referencia e un levantamento topográfico na zona do castelo de Rande.
 - Na fase de consultas ambientais a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitiu informe ó respecto do proxecto de *Ampliación de capacidade da AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis* (14.01.2008). Considerábase necesario incorporar os resultados da prospección arqueolóxica (en curso nese momento) e remitir o proxecto de construción para informe.
 - Esta Dirección Xeral autorizou mediante resolución a realización do *Proxecto de sondaxes arqueolóxicas avaliativas no Castelo de Rande (GA36045067) (Redondela, Pontevedra)*, baixo a dirección da arqueóloga M^a. Elena Mosquera Souto (07.05.2008). Autorizouse tamén unha ampliación dos traballos (19.02.2010).
- Os resultados recóllense no *Informe Valorativo. Sondaxes arqueolóxicas avaliativas manuais no castelo de Rande*, remitido por Audasa (03.06.2010).
- Audasa remitiu unha proposta de localización das pilas nº 14 e 15 da ponte, no entorno inmediato ó Castelo de Rande (Redondela, Pontevedra).

CONSIDERACIÓNS

- O Castelo de Rande é un Ben de Interese Cultural, de acordo co establecido na Disposición adicional primeira da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia e o Decreto de 22 de abril de 1949, sobre normas de protección de castelos (BOE núm, 125, do 5 de maio).
- As sondaxes arqueolóxicas realizadas, a limpeza e o levantamento topográfico permitiron constatar:
 - O estado de conservación das estruturas visibles en superficie, ocultas pola vexetación.
 - As obras de construción da ponte de Rande supuxeron unha forte alteración do castelo e do seu entorno inmediato (alteración das estruturas, recheos e muros e plataformas de formigón sobre restos do castelo) e no seu momento non se adoptaron medidas encamiñadas á súa protección, salvagarda e posta en valor.
 - A existencia doutras estruturas pertencentes ó castelo que non se apreciaban en superficie.
 - A continuidade dalgunhas das estruturas visibles.

Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Páx. 1 de 2
Proposta de localización das pilas 14 e 15 no entorno do Castelo de Rande (GA36045067) (Redondela, Pontevedra)
Proxecto de Trazado. Ampliación de capacidade da AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano - Bloque 3 - 2º
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

 XACOBEO 2010
Galicia

3. Audasa fai unha proposta de localización das pilas 14 e 15, tentando compatibilizar a súa construción e a conservación dos restos pertencentes ó castelo. Mellora a proposta inicial, dado que non se produce unha afección directa sobre estruturas coñecidas do Castelo de Rande.

A pila 14 (P.K. 2+200) sitúase nun punto moi alterado, no que non se localizaron restos. As outras tres pilas emprázanse en puntos nos que non afectan a estruturas visibles en superficie ou a outras documentadas durante as sondaxes.

Unha vez analizada a documentación que obra nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e, en base ó establecido na *Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia* e demais lexislación vixente de aplicación

INFORMO

Favorablemente a proposta de localización das pilas nº 14 e 15 no entorno do Castelo de Rande (GA36045067) (Redondela, Pontevedra), no contexto do *Proxecto de Trazado. Ampliación de capacidade da AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis*, coas seguintes consideracións:

- É necesario completar a escavación arqueolóxica da superficie que ocuparán as zapatas das pilas nº 14 e 15, co fin de minimizar afeccións directas sobre posibles restos arqueolóxicos.
- Para levar a cabo a posta en valor do Castelo de Rande, tal e como se propón, desenvolvese previamente un proxecto específico, que conte cos resultados dunha escavación arqueolóxica no xacemento.
- O proxecto de construción correspondente terá que remitirse a esta Consellería de Cultura e Turismo para informe e establecer as medidas protectoras e/ou correctoras pertinentes. Comunicarase calquera modificación do proxecto.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2010

O director xeral do Patrimonio Cultural

José Manuel Rey Fidalgo

Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Páx. 2 de 2
Proposta de localización das pilas 14 e 15 no entorno do Castelo de Rande (GA36045067) (Redondela, Pontevedra)
Proxecto de Trazado. Ampliación de capacidade da AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis